

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**1** Le o texto e responde as preguntas.

Xa sabemos que o predicado nominal expresa como é ou como está o suxeito e que o seu núcleo é sempre un verbo copulativo. Iso significa que é unha cópula ou nexo de unión entre o suxeito e o predicado nominal. Os verbos copulativos son *ser*, *estar* e *parecer*, e son verbos que sen o suxeito, o predicado non ten sentido.

Pero os verbos *ser* e *estar* poden comportarse como verbos predicativos, e polo tanto non teñen un valor copulativo. O verbo *estar* é predicativo cando posúe o significado de *atoparse*, *permanecer*. O verbo *ser* é predicativo cando ten o significado de *existir*, *ocorrer*, *acontecer*.

Compara:

A floraría está *alí*. (sitúase)  
(PV)

A floraría está *pechada*.  
(PN)

A festa é *mañá*. (acontecerá)  
(PV)

A rosa é *fermosa*.  
(PN)

- Como se chaman os verbos que introducen un predicado nominal? Por que se chaman así? \_\_\_\_\_

---



---



---

- En cales destas oracións o verbo *estar* ten valor predicativo, é dicir, forma un predicado verbal? Márcaas.

Esas cereixas están aínda verdes.

Xoán non está na casa hoxe.

O sorteo das entradas será o vindeiro sábado.

Algún día Andrea será bióloga.

**2** Subliña os predicados das oracións. Despois, indica se se trata dun predicado nominal (PN) ou dun predicado verbal (PV).

- O campión da carreira recibiu o trofeo con alegría.
- O papagaio do meu irmán é moi falador.
- Francisco celebrará o aniversario o venres próximo.
- O curmán de Carlos parece moi boa persoa.
- A nena está moi satisfeita polas notas deste trimestre.



**3** Escribe predicados nominais e predicados verbais para completar estas oracións.

- O martes, Luísa e ti \_\_\_\_\_
- O espectáculo dos magos \_\_\_\_\_
- Eu \_\_\_\_\_

**4** Copia as oracións con predicados nominais e analízao coma no exemplo.

**CORREO ELECTRÓNICO**

Asunto:

Papá, chegamos a Roma. Roma é unha cidade moi turística. Mañá faremos un percorrido para visitala. A visita parece longa e pesada. Os meus amigos están emocionados pola viaxe. Falaremos pronto.  
Luís

- Roma é unha cidade moi turística.  
V. cop.                      PN                      Atributo
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

**5** Completa o texto coas grafías x ou s e co dígrafo //, segundo corresponda.

**Programación para \_\_\_\_ño e \_\_\_\_llo**

A A\_\_\_\_ociación Cultural Burbu\_\_\_\_as presenta estas actividades:

- ★ Actuación do mago E\_\_\_\_céntrico coa e\_\_\_\_trea do seu novo e\_\_\_\_pectáculo «Ma\_\_\_\_ia e\_\_\_\_trema».
- ★ Obradoiro de ar\_\_\_\_ila e e\_\_\_\_posición de vasi\_\_\_\_as.
- ★ Pre\_\_\_\_entación do libro de receitas: *Algo máis ca lente\_\_\_\_as!*
- ★ Pro\_\_\_\_ección do filme: *E\_\_\_\_ploradores na busca de e\_\_\_\_traterrestres.*



E\_\_\_\_PERÁMOSVOS!

